XUNTOS MUDAMOS A HISTORIA DE MILLEIROS DE CATIVOS E CATIVAS

Ofrecerlles os marcapáxinas creados polos vosos fillos e fillas ós vosos familiares e amigos está a mudar a historia de milleiros de cativos e cativas. Coa achega que facedes pola compra destes marcapáxinas estades apoiando proxectos de desenvolvemento que loitan por defender os dereitos da infancia en situacións máis vulnerábeis nos países máis empobrecidos.

Cos cartos recadados estaredes axudando a que milleiros de cativas e cativos teñan acceso a auga potábel, a unha alimentación axeitada e a unha educación de calidade. Xuntos podemos mudar a historia de milleiros de cativos e cativas que viven en países vulnerábeis coma Etiopía.

Saúde

Alimentación

Educación

Con 4€

un cativo recibe material para seguir estudando.

Con 7€

un cativo ten auga potábel nunha escola durante un mes.

Con 17€

un cativo come no colexio durante un mes.

Se queres saber máis sobre os nosos proxectos **visita: savethechildren.es**

O MEU PRIMEIRO MARCAPÁXINAS SOLIDARIO

Save the Children

III Edición Día del libro polos dereitos dos cativos e cativas

CARAS FAMILIAS:

Save the Children é unha organización de infancia nada en 1919, onde cada día traballamos para defendermos os dereitos de todos os cativos e cativas, en especial daqueles que viven nunha situación máis vulnerábel, nos países en desenvolvemento.

Todos os cativos e cativas teñen unha historia de seu. Desde que nacen comezan a construíla. Moitas veces son historias felices, cheas de xogos, amigos e libros. Mais outras veces son historias máis complexas, marcadas pola falta de auga, menciñas ou alimentos.

Desde Save the Children queremos mudar esas historias e transformalas, e para iso precisamos da vosa axuda.

Para celebrar o Día do Libro, a escola infantil dos vosos fillos quixo facer deste día un día solidario a través da actividade de **O Meu Primeiro Marcapáxinas Solidario**. Unha proposta educativa, creativa e solidaria que traballa a educación en valores dos máis pequenos a través de materiais gratuítos e fomenta a solidariedade de toda a comunidade educativa de xeito sinxelo.

Grazas por apoiarnos.

COMO PARTICIPAN OS MÁIS PEQUENOS

1. Os educadores

entréganlles aos cativos e cativas un padrón con 4 marcapáxinas para traballaren na aula.

2. Na escola

realizan unha actividade educativa e decoran os marcapáxinas.

3. As familias

mercan o marcapáxinas e entréganlle os cartos á escola infantil.

4. Save the Children

recibe os cartos recadados polas familias de cada centro.

5. O cativo ou cativa recibe un diploma de agradecemento

A súa creatividade e esforzo teñen recompensa.



Foto de portada: Zacharias Abubeker/Save the Children

Colaboran:

TOURLINE EXPRESS

ctt

BE INSPIRED Disney CITIZENSHIP